



RESOLUCIÓN DO 26 DE MAIO DE 2021, DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE, POLA QUE SE RESOLVE A CONVOCATORIA DO 15 DE XANEIRO DE 2021 (DOG NÚM. 11, DO 19 DE XANEIRO), DE VINCULACIÓN TEMPORAL PARA A COBERTURA DE DIVERSAS PRAZAS DA CATEGORÍA DE FACULTATIVO ESPECIALISTA DE ÁREA, NA ESPECIALIDADE DE ANESTESIOLOXÍA E REANIMACIÓN

Con data 10 de maio de 2021 a Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee resolveu publicar as puntuacións provisionais obtidas polos/as aspirantes na convocatoria de data 15 de xaneiro de 2021 (DOG nº 11, do 19 de xaneiro), de vinculación temporal para a cobertura de diversas prazas da categoría de Facultativo Especialista de Área para os servizos sanitarios de atención especializada da devandita Xerencia, no relativo ás especialidades de Anestesioloxía e Reanimación, con apertura dun prazo de cinco días hábiles para a presentación de reclamacións polos/as aspirantes.

O apartado 4 da Base Sexta da Convocatoria establece que, unha vez examinadas as reclamacións presentadas, de ser o caso, a Comisión de Avaliación elevará os listados definitivos por orde de prelación ao Xerente, coa proposta de adxudicación do/s vínculo/s ofertados a favor da/s persoa/s aspirante/s que acrediten maior puntuación, agás que concorran circunstancias que xustifiquen que a convocatoria quede deserta, en cuxo caso deberán constar as razóns que motiven tal proposta.

Emitida a proposta por parte da Comisión de Avaliación, e de conformidade co establecido na Base Sétima da Convocatoria, esta Xerencia

RESOLVE:

Primeiro.- Aceptar a renuncia voluntaria a continuar neste proceso de selección da aspirante Sandra Regueiro Vilarín.

Segundo.- Publicar, como Anexo I, as puntuacións definitivas acadadas polos/as aspirantes na especialidade de Anestesioloxía e Reanimación.

Terceiro.- Adxudicar os nomeamentos a aqueles/as aspirantes que acadaron a maior puntuación, segundo se recolle no Anexo II.



Cuarto.- Fixar como data de sinatura do nomeamento e incorporación efectiva á praza o día 1 de xuño de 2021. Non entanto, e en casos de forza maior, e por instancia do/a interesado/a, a Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee poderá prorrogar o prazo de incorporación.

De non producirse a sinatura e a incorporación efectiva á praza na data ou prazo indicado, o/a interesado/a perderá os dereitos como adxudicatario/a ao nomeamento, podendo ser chamado o/a aspirante seguinte de conformidade coa orde de maior a menor puntuación outorgada pola Comisión de Avaliación.

Contra a presente Resolución poderá interpoñerse, nos termos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso de alzada perante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte a súa publicación.

DILIXENCIA:

Para facer constar que con esta mesma data procédese a publicación da presente Resolución na páxina web do Servizo Galego de Saúde e na páxina web do Espazo do Profesional da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee

A Coruña, 26 de maio de 2021
O Director de RR.HH.

Asdo.: Javier Fernández Nistal

A Coruña, 26 de maio de 2021

O XERENTE DA ÁREA SANITARIA
DA CORUÑA E CEE

Asdo.- Luis Verde Remeseiro



ANEXO I

RESULTADOS DEFINITIVOS DA VALORACIÓN DE MÉRITOS DOS/AS ASPIRANTES

ESPECIALIDADE: Anestesioloxía e Reanimación

Apelidos e nome	Participación OPE (máx.24 pts)	Formación (máx.14 pts)	Experiencia Profesional (máx.22 pts)	Docencia, Investigación e Innovación Sanitaria (máx.4 pts)	Total Méritos
Varela García, Olalla	16,35	13,63	18,60	1,30	49,88
Alvarado de la Torre, Sonia	18,90	11,70	11,40	2,80	44,80
Noya García, Daniel	16,45	10,65	13,80	0,91	41,81
Liaño Rodríguez-Navas, Tatiana María	11,65	7,35	22,00	0,00	41,00
Vidal Seoane, Marta	13,95	10,26	14,20	0,58	38,99
González Bardanca, María Sonia	2,00	13,61	17,85	3,55	37,01
García Calo, Efrén	13,95	10,50	11,20	0,46	36,11
Gil Campelo, María Ángeles	2,00	10,60	16,44	0,69	29,73
Arrighi Turri, Lorenza	0,00	6,55	22,00	0,75	29,30
Nistal Nuño, Beatriz	11,75	4,95	6,38	4,00	27,08
Figueiras Lago, Laura	2,00	10,65	11,20	1,58	25,43
Sampayo Rodríguez, Lucía	2,00	10,63	8,80	1,30	22,73
Freire Otero, Marta	2,00	10,60	7,56	0,90	21,06
Casas Reza, Pablo	2,00	10,69	6,40	1,63	20,72
Gestal Vázquez, María	2,00	10,75	6,40	0,83	19,98
Outeiro Rosato, Ángel	2,00	10,66	6,40	0,33	19,39
Naveiro Pan, Andrea	2,00	10,65	6,40	0,33	19,38
García Romar, Adrián	2,00	10,72	4,00	0,61	17,33
Ruanova Seijo, Diego	2,00	10,65	4,00	0,41	17,06
Alonso Portela, María	2,00	10,65	4,00	0,21	16,86
Mosquera Rodríguez, Eva	2,00	10,59	4,00	0,08	16,67
López López, David	2,00	10,78	1,80	0,10	14,68
Vilar Castro, Anxo	2,00	10,67	1,80	0,06	14,53
Del Río Regueira, Sara	2,00	10,23	1,80	0,06	14,09



ANEXO II

ASPIRANTE SELECCIONADO/A

Especialidade: Anestesioloxía e Reanimación

Apelidos e Nome	Centro	Tipo de Vínculo
Varela García, Olalla	Complexo Hospitalario Universitario A Coruña	Interinidade en praza vacante

Especialidade: Anestesioloxía e Reanimación

Apelidos e Nome	Centro	Tipo de Vínculo
Alvarado de la Torre, Sonia	Complexo Hospitalario Universitario A Coruña	Interinidade en praza vacante

Especialidade: Anestesioloxía e Reanimación

Apelidos e Nome	Centro	Tipo de Vínculo
Noya García, Daniel	Complexo Hospitalario Universitario A Coruña	Interinidade en praza vacante

Especialidade: Anestesioloxía e Reanimación

Apelidos e Nome	Centro	Tipo de Vínculo
Liaño Rodríguez-Navas, Tatiana María	Hospital Público de Cee	Interinidade en praza vacante